

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRA-ORDINARIA-URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 24 DE XULLO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Ausentes:

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Acordouse a ratificar a urxencia.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 30/2017 de data 17 de xullo de 2017.

2.- EXPEDIENTE 1864/2017. CONTRATO MENOR DE OBRAS.

REFORZO PAVIMENTO RÚA 4 E REPARACIÓN XUNTA PONTE AUDITORIO.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 22.404,06€ con destino á realización das obras denominadas “REFORZO PAVIMENTO RÚA 4 E REPARACIÓN XUNTA PONTE AUDITORIO”.

3.- EXPEDIENTE 3237/2017. CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Acordouse adxudicar o contrato denominado “MELLORAS DE ACCESOS E PAVIMENTACIÓNS DE RÚAS EN NÚCLEOS RURAIS-LALÍN”.

4.- EXPEDIENTE 3426/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (FACTURAS).

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00056 por importe de 173.993,16 €.

5.- EXPEDIENTE 2711/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DIPUTACIÓN COLABORACIÓN FEIRA DO COCIDO 2017.

Acordouse ratificar o Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín para a celebración da XLIXª Feira do Cocido 2017.

6.- EXPEDIENTE 3283/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (INTERVENCION) CUOTA FEGAMP 2017.

Acordouse recoñecer a obriga a favor da Federación Galega de Municipios e Provincias por importe de 843,27 € en concepto de cota anual de asociado do Concello de Lalín correspondente ao exercicio 2017.

7.- EXPEDIENTE 3288/2017. CAMPAMENTO MAR.

Acordouse a concesión de prazas reservadas para menores de familias en situación ou risco de exclusión social para a relación dos/as 20 menores de idade que figuran no expediente remitido.

8.- EXPEDIENTE 3465/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de débedas de subministros e servicios: recibos de enerxía eléctrica, auga, gas, lixo para á persoa solicitante.

9.- EXPEDIENTE 3425/2017. DACIÓN DE CONTA DE SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.

Deuse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, polo que comunican a concesión ao Concello de Lalín dunha subvención para o seguinte investimento: EQUIPAMENTO DE MEDIOS DIDÁCTICOS PARA PROGRAMAS DE FORMACIÓN E EMPREGO.

10.- EXPEDIENTE 3448/2017. SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA ACTUACIÓN MUSICAL.

Acordouse conceder autorización municipal para poder pinchar música na terraza da “Taza Dulce” en Lalín o día 29 de xullo do 2017, dende as 17:30 horas ata as 21:30 horas.

11.- EXPEDIENTE 3449/2017. SOLICITUDE DE UTILIZACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA ACTUACIÓN MUSICAL.

Acordouse conceder autorización municipal para poder pinchar música “na rúa dos viños” de Lalín cun punto de luz e toma de corrente na rúa, o día 19 de agosto de 2017, dende as 18:50 horas ata as 23:00 horas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 19:55 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.